A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son as competencias fundamentais da materia, para desenvolver esta competencia o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Nesta área é necesaria a comprensión profunda para entender todo o que a materia nos propón. A lectura, a escritura e a expresión oral perfílanse por iso como eixe vertebrador. Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado e un coñecemento profundo.

Polo tanto, destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que os alumnos e as alumnas se familiaricen cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

A elaboración de modelos, experimentos, estudos de caso, prototipos..., permite mostrar as habilidades plásticas que se empregan no traballo de aplicación práctica desta materia, o cal contribúe ao desenvolvemento da conciencia e expresións culturais ao fomentarse a sensibilidade e a capacidade estética dos alumnos e das alumnas. Así pois propoñemos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta materia favorece o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das competencias sociais e cívicas. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre os problemas relacionados co avance científico e tecnolóxico.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O método científico esixe sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que, desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, se fai necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias. Desde esta perspectiva traballaremos os seguintes descritores:

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou nos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A adquisición da competencia para aprender a aprender fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

OBXECTIVOS

- Manexar e utilizar información sobre temas científicos de actualidade.
- Apreciar a achega da investigación e a tecnoloxía á vida cotiá.
- Utilizar as TIC para comunicar e publicitar información ou opinións fundamentadas.
- Discriminar entre as achegas científicas e as opinións e crenzas no campo da orixe da vida, a Terra, o universo...
- Afondar nas distintas teorías sobre a orixe do universo e na súa organización.
- Reflexionar sobre as características e orixe do burato negro.
- Analizar a formación do sistema solar, a evolución das estrelas e as condicións de vida noutros planetas.
- Investigar sobre os acontecementos históricos que marcaron o noso coñecemento do universo.
- Desenvolver a sensibilidade en canto á conservación ambiental, reflexionando sobre os factores que inflúen negativamente e as súas consecuencias.
- Identificar as implicacións sociais da sobreexplotación de recursos, a contaminación...
- Predicir fenómenos ou consecuencias a partir de climogramas, índices de contaminación...
- Reflexionar sobre como manter o estado de benestar utilizando outras fontes enerxéticas alternativas.

- Identificar na pila de combustible unha alternativa enerxética de futuro.
- Defender a sostibilidade de recursos como un camiño para coidar o planeta.
- Afondar no concepto de enfermidade e vida saudable, discernindo os tipos de enfermidades máis frecuentes e os seus tratamentos.
- Identificar as consecuencias do consumo de drogas como problema social e humano e valorar a adopción de medidas preventivas no consumo e contaxio.
- Realizar investigacións sobre o uso dos materiais e a súa importancia na humanidade.
- Afondar no coñecemento do proceso de obtención de materias primas e o seu impacto social e ambiental.
- Reflexionar sobre o uso alternativo dos distintos tipos de materiais.

SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS (POR UNIDADES DIDÁCTICAS).

1º trimestre	Unidade 0. A ciencia e a información. Unidade 1. O coñecemento do universo Unidade 2. Tecnoloxía, recursos e medio
2º trimestre	Unidade 3. A enerxía e o desenvolvemento sostible Unidade 4. Os materiais e a sociedade
3º trimestre	Unidade 5. As enfermidades e os problemas sanitarios Unidade 6. Conservación da saúde e calidade de vida

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE

Bloque 1. Procedementos de traballo				
Unidade 0. A ciencia e a información.				
UNIDADES	Contidos	Grao mínimo de consecución	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
0	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe manexar e interpreta informacións relacionadas con temas científicos da actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
0	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora a importancia da investigación e o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC

		desenvolvemento tecnolóxico na vida cotiá.	da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	
0	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> Comunica conclusións e ideas utilizando as TICs Transmite opinións propias argumentadas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE

Bloque 2. O Universo				
Unidade 1. O coñecemento do universo				
UNIDADES	Contidos	Grao mínimo de consecución	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
1	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece as explicacións científicas sobre o Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies. Diferencia ciencia de <i>pseudociencia</i>. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

			Vía Láctea.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sinala que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue as fases da evolución das estrelas e relacionas coa xénese de elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a formación do Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumera as condicións para a vida noutros planetas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais

Unidade 2. Tecnoloxía, recursos e medio

Unidade 3. A enerxía e o desenvolvemento sostible

UNIDADES	Contidos	Grao mínimo de consecución	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os principais problemas ambientais, as súas causas e consecuencias. ▪ Propón solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. ▪ CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dáse conta do o crecemento da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

	<p>sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.</p>	<p>poboación humana e os problemas ambientais que xeran.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos da Terra. 	<p>ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais.</p>	
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Debate e argumenta as consecuencias da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa... ▪ Usa gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece da necesidade de descubrir novas fontes de enerxía viables, para manter o estado de benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a pila de hidróxeno como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.1. Describe procedementos para a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

	sustentable.	fonte de enerxía do futuro.	obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais				
Unidade 4. Os materiais e a sociedade				
UNIDADES	Contidos	Grao mínimo de consecución	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza estudos sinxelos e presentar conclusións sobre os materiais e a súa influencia no desenvolvemento da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo. ▪ B5.3. Residuos como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe os principais métodos de obtención de materias primas e as súas repercusións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.1. Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.2. Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

	recurso: reducir, reutilizar e reciclar.		os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos. A nanotecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumera as aplicacións dos novos materiais en electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construción e a medicina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC

Bloque 4. Calidade de vida

Unidade 5. As enfermidades e os problemas sanitarios

Unidade 6. Conservación da saúde e calidade de vida

UNIDADES	Contidos	Grao mínimo de consecución	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe que a saúde non é soamente a ausencia de enfermidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. ▪ B4.3. Uso responsable dos medicamentos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferencia os tipos de doenzas máis frecuentes. ▪ Identifica as causas e tratamentos máis comúns. ▪ Valora a importancia do uso responsable dos medicamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

			contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a evolución do concepto de enfermidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece que é o cancro, a diabete, as doenzas cardiovasculares e as doenzas mentais. ▪ Coñece os principais tratamentos e a importancia da prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.4.1. Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabete, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

			actuación para previr a doenza.	
6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora o problema que supón o consumo de drogas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valora a importancia da prevención do contaxio e os estilos de vida saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na materia de Cultura Científica:

Cómpre adestrar sistematicamente os procedementos que conforman os andamios da materia. Malia que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: xeración de hipóteses, a comprobación de datos, o traballo de investigación e a comunicación científica.

Nalgúns aspectos da materia, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por iso, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na materia de Cultura Científica é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Non empregaremos libro de texto. Aos alumnos facilitaráselle un caderniño de apuntes elaborado pola profesora que imparte a materia. O material está baseado en diversas editoriais (Anaya e Vicens Vives principalmente). Ademais cada unidade será traballada mediante unha película/documental sobre a que se reflexionará e analizará desde un punto de vista “científico e rigoroso” realizando diversas actividades avaliadas a partir deste visionado.

Utilizáranse todo tipo de recursos, tales como: vídeos, DVD, lecturas de actualidade recomendadas, así como extraídas de revistas científicas e medios de comunicación como o diario El País, La Voz de Galicia, XL Semanal...

Para as explicacións de aula usaranse presentacións dixitais. Todo o material empregado subirase á Aula Virtual do centro para que o alumno poida descargalo e empregalo nas súas tarefas.

AVALIACIÓN

A.- AVALIACIÓN INICIAL

Esta avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

B.- AVALIACIÓN ORDINARIA

	Actitude + Tarefas + Traballos.	Probas escritas
4º ESO – Cultura Científica	50%	50%

- **50% = Actitude + Tarefas + Traballos.** Terase en conta: o traballo de clase, tarefas para casa, realización de cuestións, presentacións dixitais, exposicións orais, implicación nas charlas e debates, participación, análise de filmes...

Todas as tarefas que se realicen nas sesións da aula de informática serán monitoreadas e levarase un rexistro, de xeito, que toda actividade que non se debera estar facendo implicará unha nota negativa dentro deste 50%.

- **50% = Probas escritas.** Realizaranse as que o profesor ou profesora crea adecuadas á materia. A nota será a media de tódolos exames de cada avaliación, tendo en conta e valorando tamén o traballo diario do alumno na clase. A estrutura destes exames serán tipo cuestións curtas.

- **Recuperacións.** Ao final do terceiro trimestre farase un exame de recuperación das unidades suspensas. A este exame tamén se poderán presentar aqueles alumnos que queiran subir nota.

C.- PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

- Setembro = realizarase un **exame de 10 cuestións**, que englobe toda a materia. Só se terá en conta a cualificación desta proba escrita, que deberá ser igual ou superior a 5.

D.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.
- B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.
- B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas.
- B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.
- B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.
- B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.
- B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características.
- B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.
- B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar.
- B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas.
- B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.
- B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra.
- B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos.
- B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións.
- B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.
- B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc.
- B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas.
- B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns, e valorar e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.
- B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doenza que se fixo ao longo da historia.
- B4.4. Coñecer as principais características do cancro, a diabete, as doenzas cardiovasculares, as doenzas mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas.
- B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas.
- B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios e que prioricen os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables.
- B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusións sobre aspectos relacionados cos materiais e a súa influencia no desenvolvemento da humanidade.

- B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e ambientais.
- B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e a electrónica, o téxtil, o transporte, a alimentación, a construción e a medicina.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA

DOCENTE.

Para poder saber o grao de consecución no proceso de ensino-aprendizaxe así como foi desenvolvida a materia, e o grao de satisfacción do alumnado propoñemos unha reflexión sobre a propia práctica docente, permitindo ao profesor ou á profesora mellorar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas. Para levar a cabo este proceso utilizaremos as seguintes ferramentas:

- ✦ Para avaliación competencial → Rúbricas para avaliar os apuntamentos da clase, a resolución individual de exercicios, a avaliación dun exame, a realización de resumos e mapas conceptuais, a presentación de traballos orais e escritos e para avaliar os debates sobre a materia.
- ✦ Para o tratamento da diversidade → Rúbricas para avaliar o tratamento da diversidade individual e no grupo.
- ✦ Para a reflexión e a avaliación da práctica docente → Estaremos pendentes e analizaremos polo miúdo: a Planificación da materia, a motivación do alumnado, o Desenvolvemento do proceso de ensinanza e o seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe.

As táboas utilizadas para recompilar toda esta información forman parte do punto xeral VII da programación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O tratamento metodolóxico de Cultura Científica axústase ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñen en conta a atención á diversidade. Cultura Científica permite desenvolver metodoloxías activas nas que o traballo cooperativo estea permanentemente presente e integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse ao longo de todo o curso. Desde Cultura Científica de 4º da ESO faremos especial fincapé en:

- As tecnoloxías da información e da comunicación → a explicación dos contidos sempre se realiza co apoio de presentación dixitais. Ademais os alumnos presentarán diversos traballos usando este soporte que terán que expoñer diante dos seus compañeiros. Todo o material utilizado na materia está colgado no blog do departamento e os alumnos poderán descárgalo e traballar con el na aula e na casa.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita → Traballaremos con lecturas en cada unidade onde se analizarán as ideas principais e xurdirán debates dos temas máis controvertidos. Ademais valorarase especialmente a corrección na escrita tanto nos exames, como na corrección dos traballos.
- A comunicación audiovisual → ao longo da materia veremos diferentes documentais relacionados coas unidades así como filmes.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades extraescolares está limitada debido á situación sanitaria derivada da COVID-19. En calquera caso, segundo a evolución da situación sanitaria e social, poderanse organizar actividades como:

- Saídas didácticas á centros educativos: Casa das Ciencias, DOMUS, Parques Medioambientais, Planetario, MuNCyT, etc...
- Charlas científicas no propio centro

MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Aínda que este documento se elabora con vontade de permanencia no tempo, introducíranse as melloras necesarias para que non se reduza a un mero formalismo burocrático. Só desta maneira esta programación se converte nun instrumento eficaz da práctica pedagóxica. Así a redacción teórica, tense que ver contrastada coa posta en práctica da mesma.

Realízanse os cambios oportunos, en función da consecución dos estándares da aprendizaxe propostos e do *feedback* obtido durante o desenvolvemento desta programación. Para este fin analizaremos as rúbricas propostas como indicadores do logro do proceso de ensino-aprendizaxe e da práctica docente. As modificacións reflectíranse na Memoria final do curso e incluíranse na programación didáctica do vindeiro ano.

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta realízase ao final de cada trimestre, para así poder rexistrar os cambios oportunos. A devandita ferramenta descríbese no apartado xeral VI da programación.

OBXECTIVOS

Esta materia contribúe na consecución dos obxectivos e competencias clave para a etapa do Bacharelato que son:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) *Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.*

o) *Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.*

p) *Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Física e Química incidiremos no entramento de todas as competencias de maneira sistemática:

Comunicación lingüística (CCL)

- Usar con propiedade os termos relacionados coa materia.
- Extraer e expresar por escrito as ideas principais dunha lectura científica.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquer contexto: turno de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Producir textos escritos de diferente complexidade.
- Empregar diferentes fontes para a búsqueda de información.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, proporcións, porcentaxes, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Recoñecer a importancia da ciencia no desenvolvemento da humanidade.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexías apropiadas.

Competencia dixital (CD)

- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes para a búsqueda de información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñemento.
- Elaborar información propia derivada de información a través de medios tecnolóxicos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para una mellora no traballo.
- Organizar e expresar a información.

Aprender a aprender (CA)

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor do aprendizaxe.
- Xenerar extratexías para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver extratexías que favorezcan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Aplicar extratexías para a mellora do pensamento crítico.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisión sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedo (CSIEE)

- Desenvolver a curiosidade e a visión científica do mundo que nos rodea.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta de elo.
- Gestionar o traballo de grupo coordinando tarefas e tempo.
- Priorizar a consecución obxectivos grupales sobre os intereses persoales.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSV)

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Respetar as opinións expresadas polos compañeiros nos informes sobre as propostas comúns de prácticas de laboratorio e de traballos de investigación científica.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

A presente programación organízase en cinco unidades secuenciadas ao longo do curso tal e como se amosan a continuación. En cada unha das unidades inclúense os obxectivos, os contidos, os estándares de aprendizaxe, o grao mínimo de consecución de cada estándar, as competencias e os instrumentos de avaliación e a temporalización.

1ª Avaliación

Unidade 1: Magnitudes, medidas e unidades

Temporalización: 8 sesións.

Obxectivos: b, d,e, g,i, l,m

Contidos

1. Magnitudes físicas. Sistema Internacional de Unidades.
2. Análise dimensional. Homoxeneidade
3. Medidas directas.
4. Sensibilidade do aparello de medida.
 - Expresión dunha medida
 - Exactitude e precisión.
 - Cifras significativas.
5. Medidas indirectas.
 - Forma de expresar as medidas indirectas.
6. Notación científica.
 - Orde de magnitude.
7. Método científico.
8. TIC: As follas de cálculo.

- Relación de proporcionalidade.
 - Representación gráfica.
9. Proxecto de investigación.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB1.1.1	Coñece o método científico e as etapas que o compoñen.	CMCCT	PE
FQB1.1.2.	Resolve exercicios numéricos de cambios de unidades por factores de conversión e expresa o resultado empregando a notación científica. Identifica as cifras significativas dunha medida. Redondea os resultados na determinación de medidas indirectas poñendo éste co número axeitado de cifras significativas. Calcula o erro absoluto e o relativo que resultan a partir dos datos dun problema ou obtidos ao medir directamente unha magnitude.	CMCCT	PE
FQB1.1.3.	Define o concepto de magnitude física, distinguindo as fundamentais das derivadas e calcula a ecuación de dimensións destas últimas.	CMCCT	PE
FQB1.1.4.	Diferencia as magnitudes escalares e vectoriais.	CMCCT	PE
FQB1.1.5.	Traballa coas follas de cálculo para a representación gráfica dos datos obtidos nas experiencias de laboratorio.	CMCCT CD CAA	RCL
FQB1.1.6.	Comprende distintos tipos de textos con sentido físico e químico. Expresarse con propiedade en linguaxe matemática.	CCL CAA CMCCT	RITMGI
FQB1.3.1.	Realiza de xeito cooperativo as prácticas de laboratorio.	CMCCT CD	RCL RITMGI

	Realiza de forma conxunta un pequeno traballo de investigación.	CAA CSV	
--	---	------------	--

Unidade 2: Fundamentos da química

Temporalización: 24 sesións.

Obxectivos: i

Contidos

1. As leis ponderais e volumétricas.
2. Teoría atómica de Dalton.
3. Hipótese de Avogadro.
4. Masa atómica e molecular.
5. A unidade fundamental da química: o mol.
6. As leis experimentais dos gases ideais. Ecuación de estado do gas ideal. Volumen molar normal.
7. Mestura de gases. Presión parcial.
8. Fórmulas químicas.
9. Métodos actuais para análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.
10. As disolucións: expresión da concentración.
11. O material de laboratorio.
12. Propiedades coligativas das disolucións.
13. Porexecto de investigación.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB2.1.1	Coñece a teoría atómica de Dalton e sabe utilizala para explicar a lei de conservación da masa ou lei de Lavoisier.	CMCCT	PE
FQB2.2.2.	Determina una das variables que definen o estado dun gas coñecidas as demais aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	CMCCT	PE
FQB2.3.2.	Determina a composición centesimal dun composto a partir da súa fórmula. Determina as fórmulas empírica e molecular dun composto, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	CMCCT	PE

FQB2.4.1.	<p>Expresa a concentración dunha disolución en porcentaxe en masa e en molaridade, e é capaz de dada a concentración nunha delas escribila na outra forma.</p> <p>Realiza os cálculos necesarios para a determinación do soluto necesario para a preparación dunha disolución, tanto no caso de encontrarse éste en estado sólido ou noutra disolución de concentración coñecida.</p> <p>Recoñece e describe o material básico do laboratorio.</p> <p>Prepara no laboratorio con orden, rigurosidade, utilizando o material adecuado, disolucións nas que o soluto se encontre en estado sólido ou formando parte doutra disolución.</p>	CMCCT	PE
FQB2.5.1.	<p>Relaciona as propiedades coligativas con fenómenos da vida cotiá.</p> <p>Resolve problemas das propiedades coligativas.</p>	CMCCT	PE
FQB2.5.2.	<p>Comprende o fenómeno da ósmose e coñece algúns fenómenos basados nela.</p>	CMCCT	PE
FQB2.6.1.	<p>Determina as masas atómicas medias dos elementos químicos.</p>	CMCCT	PE
FQB2.7.1.	<p>Identifica as diferentes técnicas experimentais que permiten a análise dunha substancia.</p>	CMCCT CD	PE

Unidad 3: Reaccións químicas

Temporalización: 12 sesións.

Obxectivos: a, i, e, p

Contidos

1. Formulación e nomenclatura inorgánica:

- Combinacións binarias con oxíxeno: óxidos e peróxidos.
- Halóxenuros de oxíxeno.
- Combinacións binarias con hidróxeno: hidruros metálicos, hidruros progenitores e ácidos hidrácidos.
- Os oxoácidos.
- Os hidróxidos.
- Sales dos ácidos hidrácidos e oxisales

2ª Avaliación

Unidad 3: Reaccións químicas

Temporalización: 14 periodos lectivos.

Obxectivos: a, i, e, p

Contidos

1. Contiunación formulación e nomenclatura inorgánica:
 - Sales dos ácidos hidrácidos e oxisales
 - Sales ácidas.
2. Concepto de reacción química.
3. Ecuación química.
 - Axuste dunha ecuación química.
 - Intepretación dunha ecuación química.
4. Reaccións de interés: neutralización, precipitación, oxidación-reducción e oxidación.
5. Estequiometría.
6. Metalurxia do ferro. Clases de aceiros e aplicacións.
7. Proxecto de investigación.
 - Obtención e aplicacións dos ácidos máis importantes: sulfúrico, nítrico e clorhídrico.
 - Obtención e aplicación do amoníaco.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB3.1.1	Formula e nomea correctamente utilizando una nomenclatura os diferentes compostos inorgánicos. Formular ou nomear correctamente un 75% dos compostos propostos. Escribe e axusta diferentes tipos de reaccións químicas. Escribe os produtos das reaccións de combustión e de neutralización. Realiza no laboratorio diferentes tipos de reaccións químicas, anotando os resultados observados nas mesmas con rigurosidade e orde no caderno de laboratorio.	CMCCT CSIEE	PE
FQB3.2.1.	Intepreta as ecuacións químicas.	CMCCT	PE
FQB3.2.3.	Realiza cálculos estequiométricos con reactivos impuros ou en disolución. Identifica o reactivo limitante para un cambio químico determinado.	CMCCT	PE

FQB3.2.4.	Comprende o concepto de rendemento dunha reacción e o aplica a realización de cálculos estquiométricos.	CMCCT	PE
FQB3.3.1.	Describe mediante un traballo a obtención insdustrial do ácido sulfúrico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico e o amoníaco. E coñece alguna das súas aplicacións.	CMCCT CD CAA	RITMGI
FQB3.4.1.	Describe de forma esquemática os procesos que teñen lugar na obtención do ferro.	CMCCT	PE
FQB3.4.3.	Conoce los diferentes tipos de aceiros.	CMCCT	PE

Unidad 4: Enerxía e espontaneidade das reaccións químicas

Temporalización: 10 sesións.

Obxectivos: i, l

Contidos

1. Primer principio de la termodinámica.
2. Entalpía.
3. Entalpía estándar.
4. Ley de Hess.
5. Entalpía de enlace.
6. Segundo principio de la termodinámica.
7. Energía libre de Gibbs.
8. Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB4.1.1.	Aplica o primeiro principio da termodinámica para hallar a varición de enerxía interna dun sistema.	CMCCT	PE
FQB4.2.1.	Coñecer e manexar o equivalente mecánico da calor.	CMCCT	PE
FQB4.3.1.	Distingue polo signo da entalpía entre reaccións exotérmicas e endotérmicas.		
FQB4.4.1.	Calcula a variación de entalpía dunha reacción a partir das entalpías de formación dos reactivos e dos produtos.	CMCCT	PE
FQ4.5.1.	Precir en dúas ou tres reaccións propostas o signo da variación de entropía dunha reacción	CMCCT	PE

	química tendo en conta a molecularidade e o estado físico das substancias dunha reacción.		
FQ4.6.1. FQB4.6.2.	Predecir a espontaneidade dunha reacción tendo en conta o signo da variación de entalpía, entropía e a temperatura sen calcular a enerxía libre de Gibbs. Determina a enerxía libre de Gibbs das reaccións a partir dos datos entálpicos e entrópicos.	CMCCT	PE
FQB4.7.1. FQB4.7.2.	Relaciona a espontaneidade dos procesos irreversibles coa entropía.	CMCCT	PE
FQB4.8.1.	Enumerar algunha actitude que reduce os efectos na calidade de vida das reaccións de combustión.	CMCCT CCL CSC CSIEE	RITMGI

Unidade 5: Química do carbono

Temporalización: 12 periodos lectivos.

Obxectivos: a,d,e,i, h

Contidos

1. O átomo de carbono; enlaces que presenta, representación de moléculas orgánicas. Formas alotrópicas do carbono.
2. Formulación e nomenclatura dos hidrocarburos.
3. Propiedades dos hidrocarburos.
4. Petróleo e gas natural.
5. Concepto de grupo funcional
6. Formulación orgánica: derivados haloxenados
7. Formulación de compostos oxisenados: alcoles, fenoles, éteres, aldehídos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres.
8. Formulación de compostos nitroxenados: aminas, amidas, nitrilos e nitrocompostos.
9. Isomería.
10. Proxecto de investigación: O carbono nas nosas vidas.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave.

Instrumentos de avaliación. Temporalización.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB5.1.1	Formula e nomea os hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e aromáticos.	CMCCT	PE
FQB5.2.1.	Formula e nomea compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.	CMCCT	PE

FQB5.3.1.	Formula e identifica isómeros estruturales.	CMCCT	PE
FQB5.4.1. FQB5.4.2.	Describe o proceso de destilación do petróleo e identifica as fraccións que se obteñen.	CMCCT	PE
FQB5.5.1.	Diferencia a estrutura e describe as propiedades das formas alotrópicas do carbono: grafito, diamante e grafeno.	CMCCT	PE
FQB5.6.1.	Realiza de forma conxunta un pequeno traballo de investigación.	CCL CAA CSC CD	RITMGI

Unidad 6: Cinemática

Temporalización: 8 sesións.

Obxectivos: i, g, h

Contidos

1. Concepto de movemento. Sistemas de referencia inerciais e non inerciais.
2. Velocidade.
3. Aceleración. Compoñentes intrínsecas da aceleración.
4. Movementos nunha dimensión.
 - 4.1. Movemento rectilíneo uniforme.
 - 4.2. Movemento rectilíneo uniformemente acelerado.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución para cada estándar. Competencias clave.

Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB6.1.1. FQB6.1.2.	Analiza o movemento dun corpo razoando si o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial. Explica a relatividade dos movementos.	CMCCT	PE
FQB6.2.1.	Dada a traxectoria dun móvil representa as magnitudes vectoriais en distintos puntos.	CMCCT	PE
FQB6.3.1. FQB6.3.2. FQB6.3.3.	Obtén a velocidade media e a celeración media dun corpo a partir do seu vector de posición. Resolve probemas de cinemática, de movemento uniforme, de uniformemente acelerado, de caída libre, de movemento circular uniforme e de uniformemente acelerado.	CMCCT	PE
FQB6.4.1.	Interpreta gráficas dos movementos MRU e MRUA e determina os valores do espazo percorrido, velocidade e aceleración.	CMCCT	PE
FQB6.5.1.	Formulado un suposto distingue os tipos de movementos implicados e predi a súa posición e velocidade.		PE

FQB6.6.1.	Representar as componentes intrínsecas da aceleración nun caso práctico.		PE
FQ6.7.1.	Relacionar e calcular magnitudes lineais e angulares.		PE
FQB6.8.1. FQB6.8.2. FQB6.8.3.	Recoñece o momento parabólico como a composición de dous movementos unidimensionales rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado. Resolve problemas de movementos parabólicos.	CMCCT	PE
FBQ6.9.1. FQB6.9.2. FQB6.9.3. FQB6.9.4. FQB6.9.5. FQB6.9.6.	Interpreta as magnitudes que describen un oscilador harmónico e resolve problemas do oscilador nos que determina a partir da súa ecuación os valores das magnitudes e viceversa.	CMCCT	PE

3ª Avaliación

Continuación cinemática

4.3. Movemento harmónico simple.

5. Movementos en dúas dimensións.

5.1. Movemento parabólico.

5.2. Movemento circular uniforme e uniformemente acelerado.

Temporalización: 12 sesións.

Unidade 7: Dinámica

Temporalización: 20 sesións

Obxectivos: i

Contidos

1. As forzas.
 - 1.1. Natureza vectorial das forzas.
 - 1.2. Momento dunha forza.
2. Dinámica. Forza como causa de cambios no movemento.
 - 2.1. Primeira lei de Newton.
 - 2.2. Segunda lei de Newton.
 - 2.3. Terceira lei de Newton.
3. Forzas de Interés para a dinámica.
 - 3.1. Peso dos corpos. Lei da Gravitación Universal.
 - 3.2. Forza normal.
 - 3.3. Tensión.
 - 3.4. Forza de rozamento.
4. Dinámica do movemento circular.
5. Movemento dos planetas. Leis de Kepler.
6. Cantidade de movemento. Principio de conservación da cantidade de movemento.
7. Impulso mecánico.
8. Momento angular. Conservación do momento angular. Forzas centrais.

9. Forza elástica. Lei de Hooke. O oscilador harmónico.
 10. A interacción electrostática: lei de Coulomb.
 11. Semellanzas e diferenzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución dos estándares avaliados	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB7.1.1. FQB7.1.2.	Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo e calcula a partir do esquema, aplicando a segunda lei de Newton a aceleración, e logo a velocidade e o espazo.	CMCCT	PE
FQB7.2.2.	Resolve problemas de forzas en planos horizontais e inclinados con rozamento.	CMCCT	PE
FQB7.2.3.	Resolve problemas de un ou dous corpos unidos mediante cordas tensas e poleas.	CMCCT	PE
FQB7.3.1.	Realiza experimentalmente a determinación da constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke, recollendo as medidas en táboas, e elaborando a memoria correspondente. Realiza experimentalmente a determinación da frecuencia coa que oscila una masa coñecida unida a un extremo do citado resorte, recollendo as medidas en táboas, e elaborando a memoria correspondente.	CMCCT	RCL
FQB7.3.3.	Determina o valor da gravidade no laboratorio, recollendo as medidas en táboas, e elaborando a memoria correspondente.	CMCCT	RCL
FQB7.4.1.	Resolve problemas nos que ten que utilizar a relación entre o impulso mecánico e a cantidade de movemento.	CMCCT	PE
FQB7.4.2.	Resolve problemas de choques elásticos unidireccionais e choques inelásticos aplicando o principio de conservación da cantidade de movemento.	CMCCT	PE
FQB7.5.1.	Resolve problemas nos que aparece a forza centrípeta (satélites, planetas, curvas e xiros).	CMCCT	PE
FQB7.6.2.	Describe o movemento dos planetas aplicando as leis de Kepler.	CMCCT	PE
FQB7.7.1.	Aplica a conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas para a determinación da súa velocidade no afelio ou no perihelio.	CMCCT	PE
FQB7.8.1.	Aplica a lei da gravitación Universal para o cálculo da forza de atracción gravitatoria entre corpos tendo en	CMCCT	PE

	conta o seu carácter vectorial.		
FQB7.9.2. FQB7.10.1.	Utiliza a lei de Coulomb para calcular a forza eléctrica e comparala coa gravitatoria.	CMCCT	PE

Unidade 8: Traballo e enerxía.

Temporalización: 8 sesións.

Obxectivos: i

Contidos

1. Concepto físico de traballo
2. O concepto de enerxía.
3. Traballo e enerxía cinética. Teorema das forzas vivas.
4. Forzas conservativas. Enerxía potencial.
 - Enerxía potencial gravitatoria.
5. Conservación da enerxía mecánica.
6. Disipación da enerxía mecánica.
7. Enerxía no momento harmónico simple.
8. Diferenza de potencial eléctrico.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave.

Instrumentos de avaliación

Estándares de aprendizaxe:			
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar avaliados	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FQB8.1.1.	Aplica o principio de conservación da enerxía mecánica para resolver problemas mecánicos.	CMCCT	PE
FQB8.1.2.	Resolve problemas nos que ten que aplicar o teorema das forzas vivas.	CMCCT	PE
FQB8.2.1.	Distinguir entre forzas conservativas e non conservativas e aplicar o principio de conservación da enerxía en presenza de forzas conservativas e non conservativas como o rozamento.	CMCCT	PE
FQB8.3.2.	Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico.	CMCCT	PE
FQB8.4.1.	Comprende e aplica o significado físico de diferenza de potencial eléctrico entre dos puntos.	CMCCT	PE

METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados da investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas.

A finalidade propedéutica e orientadora da etapa require dunha metodoloxía que comporte un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

Os criterios metodolóxicos seguidos son:

- Adaptación ás características do alumnado tendo en conta as súas capacidades intelectuais.
- Facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os propios da Física e a Química e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

En caso de que, debido á situación social e sanitaria derivada da COVID19, houbera un confinamento total ou parcial, e se requirise, de forma temporal, realizar unha formación semipresencial ou totalmente a distancia, actuarase do seguinte xeito (sabendo que o equipo directivo do centro, así como a propia Consellería de Educación puxeron todos os medios precisos para que todo o alumnado teña os recursos tecnolóxicos suficientes para poder realizar traballo dende casa):

- 1.- Prestarase especial atención a que todo o alumnado esté realizando as tarefas marcadas, e se detectará de forma inmediata se existe alumnado con dificultades para conectarse para comunicalo coa máxima antelación á dirección do centro, para solventar estes problemas. En caso de que sexa imposible a comunicación de forma telemática, quedarán as tarefas marcadas semanalmente na Secretaría do Centro para que se lle poidan facer chegar ao alumnado.
- 2.- Impartiranse sesión de clase por videoconferencia
- 3.- Toda a información sobre os contidos traballados e as tarefas a realizar estarán subidas á Aula Virtual do centro.

MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Os materiais que se empregaran no proceso de aprendizaxe serán:
 - a) Libro de texto da Editorial Vicens Vives. Título: **Física y Química 1º Bachillerato**. Ano: 2015. ISBN:
 - b) Fichas de actividades.
 - c) Material elaborado polo profesor/a.
 - d) Diferentes páxinas web de carácter científico e interactivas.
 - e) Material de laboratorio preciso para realización das diferentes prácticas propostas en cada unidade (balanza, termómetro, buretas, pipetas, probetas, matraces aforados, funies de vidro, vasos de precipitados, etc.)

- Os recursos didácticos que se empregarán no proceso de aprendizaxe serán:
 - a) Laboratorio, onde se realizarán as experiencias e tarefas que figuran na programación.
 - b) Ordenadores da aula de informática.

A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso de recollida de información para a emisión dun xuício valorativo e a toma de decisións para intentar mellorar os aprendizaxes dos alumnos, así como os mesmos de enseñanza.

¿Qué se avalía?

- O nivel de coñecementos que o alumno ten, e dicir, as ideas previas, xa que éstas deben ser o punto de partida da actuación docente, para garantir un aprendizaxe significativo.
- Os aspectos actitudinais; O interese xeral pola asignatura, o grao de compañerismo e respecto polos demais, así como a súa actitude.
- O grao de limpeza, orde e rigor que presenten nos traballos
- Respecto aos conceptos, avaliarase o grao de asimilación dos mesmos e a capacidade de organización e estruturación dos mesmos. Avaliarse tamén a expresión oral e escrita da linguaxe científica, valorando a capacidade de organización das causas e consecuencias nos fenómenos estudados.
- Respecto ao procedemento, realización de exercicios de aplicación dos conceptos aprendidos de diversa índole.

¿Cómo se avalía?

Refírese aos instrumentos que se utilizan no proceso avaliador. O departamento de Física e Química utilizará os seguintes instrumentos de avaliación:

- **Revisión de informes ou traballos monográficos en grupo e individuais (de 0 a 0,5 puntos).**

Valorarase:

- Presentación do traballo realizado ca axuda das TIC.
- Número de fontes bibliográficas usadas (libros, revistas, internet) ou a metodoloxía de investigación.
- Presentación de novas de xornal ou revistas recentes.
- **Revisión do caderno de laboratorio (de 0 a 0,5 puntos)**
- **Realizáranse varias probas en cada trimestre (de 0 a 9 puntos).** Teráse en conta a presentación e a ortografía, restándose de cada proba escrita ata un punto se a presentación e a ortografía non son correctas.

As probas escritas soamente se repetirán se a falta de asistencia está xustificada de maneira oficial.

Plan de recuperación para alumnos con avaliación negativa

Para cada avaliación e para aqueles alumnos/as con cualificación inferior a 5, se realizará unha recuperación de contidos mediante unha proba escrita, sobre os estándares de aprendizaxe.

Procedemento de avaliación extraordinaria

Para aqueles alumnos que non superaron a materia na convocatoria de Xuño, se establece para convocatoria extraordinaria a realización dunha proba escrita de características similares as efectuadas o longo do curso.

Criterios de cualificación

A cualificación de cada avaliación parcial será a suma das puntuacións obtidas en cada apartado indicado anteriormente. Nas probas escritas para facer media o alumno/a terá que obter en cada unha como mínimo un 4.

A cualificación final do curso é a media das obtidas nas tres avaliacións, téndose en conta, se é o caso, a evolución durante o curso. Para facer media o alumno/a terá que ter en cada avaliación unha nota igual o superior a 4.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Levarase acabo a través de diferentes fichas de reforzo ou de ampliación.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores	Valoración	Proposta de mellora
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos alumnos/as.		
2. Revisa con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.		
3. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
4. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos/as, e da pautas para a mellora dos seus aprendizaxes.		
5. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
6. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.		

7. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron acadados suficientemente.		
8. Fomenta a participación na clase.		
9. Facilita o traballo cooperativo.		
10. Pon actividades para facilitar o aprendizaxe autónomo.		
11. Realiza experiencias no laboratorio.		
12. Revisa o caderno de laboratorio.		
13. Fomenta o uso das TIC.		

MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Nas reunións de departamento, e unha vez ao mes, se realizará o seguemento da programación, propondo, se é o caso, novas modificacións para o seguinte curso e comprobando a súa validez na práctica docente. O indicador establecido será o resumen dos aspectos a modificar no libro de actas do Departamento onde quedarán escritas as propostas de modificación da programación didáctica.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares está limitada debido á situación sanitaria derivada da COVID-19. En calquera caso, segundo evolución a situación sanitaria e social, poderanse organizar actividades como:

- Saídas didácticas á centros educativos: Casa das Ciencias, DOMUS, Parques Medioambientais, Planetario, MuNCyT, etc...
- Charlas científicas no propio centro

OBXECTIVOS

Esta materia contribúe na consecución dos obxectivos e competencias clave para a etapa do Bacharelato que son:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Física e Química incidiremos no entrenamento de todas as competencias de maneira sistemática:

Comunicación lingüística (CCL)

- Usar con propiedade os termos relacionados coa materia.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquer contexto: turno de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Empregar diferentes fontes para a búsqueda de información.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos necesarios na materia.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Recoñecer a importancia da ciencia no desenvolvemento da humanidade.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexías apropiadas.

Competencia dixital (CD)

- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes para a búsqueda de información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñemento.
- Elaborar información propia derivada de información a través de medios tecnolóxicos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para una mellora no traballo.
- Organizar e expresar a información.

Aprender a aprender (CA)

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor do aprendizaxe.
- Xenerar extratexías para apredender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver extratexías que favorezcan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Aplicar extratexías para a mellora do pensamento crítico.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisión sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedo (CSIEE)

- Desenvolver a curiosidade e a visión científica do mundo que nos rodea.

- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta de elo.
- Gestionar o traballo de grupo coordinando tarefas e tempo.
- Priorizar a consecución obxectivos grupales sobre os intereses persoales.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas (CSV)

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Respetar as opinións expresadas polos compañeiros nos informes sobre as propostas comúns de prácticas de laboratorio e de traballos de investigación científica.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

SECUENCIA E TEMPORALIDADE

A presente programación organízase en cinco unidades secuenciadas ao longo do curso tal e como se amosan a continuación. En cada unha das unidades inclúense os obxectivos, os contidos, os estándares de aprendizaxe, o grao mínimo de consecución de cada estándar, as competencias e os instrumentos de avaliación e a temporalización.

TEMA 1 INTERACCIÓN GRAVITATORIA

Obxectivos

- Comprender a lei de Gravitación Universal e a súa importancia na unificación das mecánicas terrestre e celeste.
- Utilizar o concepto de campo para comprender e interpretar a interacción a distancia, como é o caso da interacción gravitatoria.
- Determinar o campo e potencial nun punto creado por varias masas, e a enerxía que tería unha masa que se colocase nese punto.
- Aplicar o teorema de conservación do momento angular a un planeta do Sistema Solar.
- Resolver cuestións de razoamento sobre os conceptos tratados no tema.
- Distinguir entre forzas conservativas e non conservativas, así como o concepto de enerxía potencial ligado ás primeiras.
- Coñecer o concepto de traballo e saber relacionalo coa conservación da enerxía mecánica para a resolución de problemas de traslados de masas en campos gravitatorios.
- Resolver problemas de satélites, para determinar, a súa velocidade, a súa órbita e a súa

enerxía.

- Aplicar o principio de conservación da enerxía mecánica a un satélite e ao cálculo das velocidades de escape.

Contidos

- Calculo vectorial.
- Momento lineal. Conservación do momento lineal.
- Momento dunha forza.
- Momento angular. Conservación do momento angular. Forzas centrais.
- Traballo e enerxía.
- Concepto de campo. Campos de forzas conservativas. Definición de enerxía potencial.
- Introducción histórica. Concepcións do universo: dende a antigüidade ata Kepler.
- Leis de Kepler.
- A teoría da Gravitación Universal de Newton.
- Campo gravitatorio.
- Enerxía potencial gravitatoria.
- Potencial gravitatorio.
- Principio de conservación da enerxía mecánica.
- O campo gravitatorio terrestre. Variacións de g coa altura, a profundidade e a latitude.
- Movemento dos satélites artificiais. Velocidade de escape.
- Satélites: tipos.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FSB2.1.1 FSB2.1.2.	Determina o campo creado nun punto por varias masas. Representa o campo gravitatorio e as superficies equipotencias dunha masa puntual.	CMCCT	PE
FSB2.2.1.	Distingue entre forzas conservativas e non conservativas, así como o concepto de enerxía potencial ligado ás primeiras. Xustifica o carácter conservativo da forza gravitatoria.	CMCCT	PE

	<p>Determina o traballo realizado polo campo a partir das variacións de enerxía potencial e interpreta o seu signo.</p> <p>Determina potencial nun punto creado por varias masas, e a enerxía que tería unha masa que se colocase nese punto.</p> <p>Resolve cuestións de razoar sobre os conceptos tratados no tema.</p>		
FSB2.3.1.	Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación de enerxía mecánica.	CMCCT	PE
FSB2.5.1.	<p>Resolve problemas de satélites, para determinar, a súa velocidade, o seu período, a súa órbita e a súa enerxía.</p> <p>Interpreta o signo da enerxía e o relaciona co tipo de traxectoria.</p> <p>Determina a enerxía de posta en órbita dun satélite.</p>	CMCCT	PE
FSB2.6.1.	Clasifica os tipos de satélites en función de súa órbita.	CMCCT	PE

Temporalización: 18 sesións.

TEMA 2 INTERACCIÓN ELECTROMAGNÉTICA

Obxectivos

- Comprender a natureza e as características da interacción entre cargas eléctricas en repouso.
- Determinar o campo e o potencial creado varias cargas en repouso, e a enerxía que tería unha carga que se colocase nese punto.
- Aplicar a conservación de enerxía mecánica para a resolución de problemas de traslados de cargas en campos eléctricos.
- Coñecer o teorema de Gauss para o campo eléctrico e saber aplícalo no caso de campos eléctricos producidos por diferentes distribucións de cargas, como é o caso dunha esfera

con ductora cargada.

- Identificar os campos gravitatorio e eléctrico como campos conservativos.
- Identificar as forza que actúan sobre unha carga en movemento no seo dun campo magnético uniforme, así como o tipo de movemento que realizará.
- Coñecer algunhas aplicacións do campo magnético como son, o espectrómetro de masas e o ciclotrón.
- Coñecer a forza que actúa sobre una corrente rectilínea inmersa nun campo magnético uniforme, así como algunhas das súas aplicacións.
- Coñecer a primeira Lei de Laplace.
- Coñecer a lei de Ampere, a partir dela comprender o carácter non conservativo do campo amgnético con diferencia dos outros dous campos.
- Determinar o campo magnético creado por unha corrente rectilínea indefinida ou un solenoide.
- Identificar as forzas que actúan sobre unha carga en movemento no seo de campos eléctricos ou magnéticos uniformes (perpendiculares ou tanxentes á traxectoria), así como o tipo de movemento que realizará.
- Coñecer as leis de Faraday e de Lenz do fenómeno da inducción electromagnética e saber aplicalas.
- Explicar a produción de corrente eléctrica mediante variacións do campo magnético.
- Establecer as diferencias entre os tres campos, gravitatorio, eléctrico e magnético.

Contidos

- Natureza eléctrica da materia. Lei de Coulomb.
- O campo eléctrico. Intensidad de campo eléctrico. Representación do campo eléctrico.
- O campo eléctrico é conservativo. Enerxía potencial eléctrica. Potencial eléctrico. Diferenza de potencial.
- Campo eléctrico creado por unha esfera cargada.
- Analogías e diferenzas entre o campo gravitatorio e o eléctrico.
- Magnetismo natural. Experiencias de Oersted.
- Campo magnético. Líñas de forza.
- Forza sobre cargas móbiles situadas en campos magnéticos. Lei de Lorentz.
- Aplicacións ao estudo do movemento de cargas no interior de campos magnéticos uniformes. O espectrómetro de masas e o ciclotrón.

- Forza magnética sobre unha corrente rectilínea.
- Efecto dun campo magnético sobre unha espira cadrada.
- Campo magnético creado por unha carga puntual en movemento.
- Campo magnético creado por un elemento de corrente: lei de Biot e Savart.
- Campo magnético creado por unha corrente rectilínea indefinida.
- Campo magnético creado no centro dunha espira circular.
- Forzas magnéticas entre correntes rectilíneas paralelas: definición de ampere.
- Circulación do campo magnético. Lei de Ampere. Campo magnético creado por un solenoide.
- Fluxo magnético.
- Indución electromagnética. Leis de Faraday e de Lenz.
- Produción de correntes alternas mediante variacións do fluxo magnético.
- Analogías e diferenzas entre o campo eléctrico e magnético.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FSB3.1.1 FSB3.1.2.	Determina o campo e o potencial creado varias cargas en repouso, e a enerxía que tería unha carga que se colocase nese punto.	CMCCT	PE
FSB3.2.1. FSB3.2.2.	Identifica as cargas positivas como manantiais de liñas de forza e as negativas como sumidoiros de liñas de forza. Estable as equivalencias e as diferenzas entre o campo eléctrico e o campo gravitatorio.	CMCCT	PE
FSB3.4.1. FSB3.4.2.	Calcula o traballo necesario para trasladar una carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por varias cargas puntuais a partir da diferenza de enerxía potencial.	CMCCT	PE

	Aplica a conservación de enerxía mecánica para a resolución de problemas de traslados de cargas en campos eléctricos.		
FSB3.6.1. FSB3.7.1.	Resolve cuestións sobre una esfera metálica cargada. Explica o efecto da gaiola de Faraday.	CMCCT	PE
FSB3.9.1.	Describe as liñas do campo magnético.	CMCCT	PE
FSB3.10.1. FSB3.10.3.	Resolve problemas do movemento de partículas cargadas que se moven perpendicularmente nun campo magnético uniforme. Resolve problemas de partículas cargadas sometidas simultaneamente a un campo eléctrico e magnético.	CMCCT	PE
FSB3.11.1.	Explica o carácter non conservativo do campo magnético.	CMCCT	PE
FSB3.12.2.	Determina a cara norte e a cara sur dunha espira.	CMCCT	PE
FSB3.13.1.	Calcula a forza que se establece entre dous conductores paralelos polos que circulan correntes eléctricas, realizando o diagrama correspondente.	CMCCT	PE
FSB3.14.1.	Coñece a definición de ampere.	CMCCT	PE
FSB3.16.1.	Calcula o fluxo magnético que atravesará una espira que se atopa nun campo magnético, e a variación e expresión en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT	PE
FSB3.17.1.	Determina o sentido das correntes inducidas a partir da variación do fluxo magnético aplicando a lei de Lenz. Calcula a forza electromotriz inducida nun circuito aplicando a lei de Faraday.	CMCCT	PE
FSB3.18.1. FSB3.18.2.	Explica a produción da corrente eléctrica alterna mediante variacións do campo magnético. Determina a forza electromotriz de correntes alternas.	CMCCT	PE

Temporalización: 28 sesións.

TEMA 3 VIBRACIÓNS E ONDAS

Obxectivos

- Comprender o movemento harmónico simple dende o punto de vista cinemático, dinámico, enerxético e a súa relación co movemento circular uniforme.
- Resolver problemas do movemento harmónico simple.
- Comprender cómo a propagación do movemento anterior nun medio orixina unha onda.
- Resolver problemas de determinación das magnitudes características dunha onda harmónica a partir da súa ecuación e viceversa.
- Comprender as principais propiedades das ondas: amortecemento, interferencia, difracción, reflexión, refracción, efecto Doppler, polarización e utilizar o principio de Huygens para súa interpretación.
- Coñecer as características dunha onda sonora, e diferenciar entre a intensidade física e a sensación sonora.

Contidos

- O movemento harmónico simple. Estudo cinemático, dinámico e enerxético.
- Movemento ondulatorio. Tipos de ondas. Magnitudes e características das ondas.
- Ecuación das ondas harmónicas unidimensionales.
- Enerxía, potencia e intensidade dunha onda. Debilitamento das ondas: atenuación e absorción.
- Propiedades das ondas: reflexión, refracción, interferencia, difracción e polarización. Principio de Huygens. Ondas estacionarias.
- Ondas sonoras. Intensidade. Nivel de intensidade sonora. Contaminación acústica. Resonancia. Aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras: a ecografía, o radar, o sonar, etc.
- Ondas electromagnéticas.
- Transmisión da comunicación.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FSB4.1.2	Realiza exercicios do movemento harmónico simple.	CMCCT	PE

FSB4.2.1.	Diferencia entre ondas lonxitudinais e transversais.	CMCCT	PE
FSB4.3.1. FSB4.3.2.	Obtén as magnitudes características dunha onda harmónica a partir da súa ecuación matemática. Escribe a expresión matemática dunha onda harmónica dadas as súas magnitudes características.	CMCCT	PE
FSB4.4.1.	Realiza problemas onde aplica a dobre periodicidade das ondas.	CMCCT	PE
FSB4.5.1.	Relaciona a enerxía dunha onda coa súa amplitude. Explica o fenómeno do amortecemento dunha onda esférica.	CMCCT	PE
FSB4.6.1.	Explica o principio de Huygens.	CMCCT	PE
FSB4.7.1.	Diferencia entre interferencia constructiva e destructiva. Determina os puntos de interferencia constructiva e destructiva cando interfieren dúas ondas coherentes de igual amplitude. Recoñece e explica as ondas estacionarias. Explica o fenómeno da difracción.	CMCCT	PE
FSB4.8.1.	Recoñece e explica os fenómenos de reflexión e refracción.	CMCCT	PE
FSB4.10.1.	Explica o efecto Doppler e identifica situacións cotiáns nas que se produce. Realiza problemas do efecto Doppler.	CMCCT	PE
FSB4.11.1.	Diferencia entre a intensidade do son e o nivel de intensidade sonora e identifica a relación logarítmica entre ambas.	CMCCT	PE
FSB4.14.1.	Coñece as características das ondas electromagnéticas.	CMCCT	PE
FSB4.18.1.	Coñece o espectro electromagnético	CMCCT	PE

FSB4.19.1. FSB4.19.2. FSB4.19.3.	Coñece algunhas aplicacións das ondas electromagnéticas do espectro non visible. E analiza os seus efectos sobre a vida humana. Diseña un circuito eléctrico capaz de producir ondas electromagnéticas.	CMCCT	PE RITMGI
FSB4.20.1.	Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión de sinais.	CMCCT	PE

Temporalización: 16 sesións.

TEMA 4 ÓPTICA

Obxectivos

- Identificar a existencia de diversos modelos para explicar a natureza da luz, vendo as razóns que levaron a súa aceptación.
- Explicar as propiedades da luz.
- Comprender o mecanismo da visión, tanto de imaxes como de cores.
- Resolver problemas de óptica xeométrica, determinando posición, tamaño e tipo de imaxe en distintos sistemas ópticos (espellos, lentes delgadas).

Contidos

- Naturaleza da luz.
- Propagación rectilínea de la luz.
- Dependencia da velocidade da luz co medio. Índice de refracción.
- Fenómenos producidos polo cambio de medio: reflexión, refracción, difracción, polarización, absorción e dispersión.
- Espectro visible. Visión da cor.
- Óptica xeométrica: espellos e lentes delgadas.
- Instrumentos ópticos.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FSB5.2.2.	Obtén o tamaño, a posición e natureza da imaxe dun obxecto producido por un	CMCCT	PE

	espello plano, un esférico e una lente delgada, realizando trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes		
FSB5.3.1.	Xustifica os principais defectos ópticos do ollo humano (miopía e hipermetropía) apoiando nun digrama de raios e explica o efecto das lentes na corrección deses defectos.	CMCCT	PE
FSB5.4.1.	Explica o funcionamento da lupa, o microscópio, o telescopio e a cámara fotográfica.	CMCCT	PE

Temporalización: 16 sesións.

TEMA 5 INTRODUCCIÓN Á FÍSICA MODERNA

- Comprender que a física clásica non pode explicar unha serie de fenómenos como o incumplimento do principio de relatividade de Galileo pola luz ou a existencia dunha velocidade limite.
- Comprender os postulados da relatividade especial de Einstein e como resoven os problemas anteriores.
- Utilizar os principios da relatividade para explicar algunha das súas implicacións: dilatación do tempo, contracción da lonxitude, variación da masa coa velocidade e equivalencia masa/ enerxía.
- Utilizar as ideas e relacións de Einstein, Bohr, De Broglie, para explicar a cuantización de determinadas magnitudes, como a enerxía, o comportamento corpuscular da luz e ondulatorio dos electróns.
- Comprender que os electróns, fotóns, etc., no son ni ondas ni partículas clásicas senón obxectos novos cun comportamento novo e distinto.
- Comprender a necesidade dunha nova interacción para xustificar a estabilidade nuclear.
- Aplicar a equivalencia masa-enerxía á determinación de enerxía de ligadura dos núcleos.
- Utilizar as leis de conservación do número atómico e másico e da enerxía ás reaccións nucleares e á radiactividade.
- Resolver problemas das leis de Soddy- Fajans e da lei da desintegración radiactiva dos núcleos.
- Valorar a importancia social de temas como a contaminación radiactiva, as bombas e

reactores nucleares, os isótopos e as súas aplicacións.

- Comprender algunhas implicacións dos descubrimentos de novas partículas: existencia de antimateria, interaccións como intercambio de partículas.

Contidos

- Fenómenos non explicados pola física clásica.
- Introducción á física relativista. Principios de relatividade. Postulados da relatividade especial. Consecuencias.
- A física cuántica: radiación do corpo negro. Hipótese de Planck. Efecto fotoeléctrico. Teoría de Einstein. Os espectros discontinuos. Cuantización da enerxía. Hipótese de De Broglie. Principio de Incertidumbre de Heisenberg.
- Física nuclear: Características do núcleo atómico. Enerxía de enlace nuclear. Radiactividade. Modos de desintegración radiactiva. Series radiactivas. Leis da desintegración. Reaccións nucleares de fisión e fusión.
- Introducción ao estudo das partículas elementais. Quarks.

Estándares de aprendizaxe. Grao mínimo de consecución de cada estándar. Competencias clave. Instrumentos de avaliación. Temporalización

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Competencias clave	Instrumentos de avaliación
FSB6.1.1 FSB6.1.2.	Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade. Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron.	CMCCT	PE
FSB6.2.1 FSB6.2.2	Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz. Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da	CMCCT	PE

	luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.		
FSB6.6.1	Coñece a hipótese de Planck e relacionar a enerxía dun fotón coa súa frecuencia e a súa lonxitude de onda. Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados.	CMCCT	PE
FSB6.7.1.	Reolve problemas do efecto fotoeléctrico.	CMCCT	PE
FSB6.9.1.	Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.	CMCCT	PE
FSB6.10.1.	Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg.	CMCCT	PE
FSB6.11.1. FSB6.11.2.	Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica. Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual.	CMCCT	PE
FSB6.13.1. FSB6.13.2.	Resolver problemas das leis de Sody- Fajans e da lei da desintegración radiactiva dos núcleos.	CMCCT	PE
FSB6.16.1.	Distingue as catro interaccións fundamentais da natureza e os principais procesos en que interveñen.	CMCCT	PE
FSB6.18.1.	Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan.	CMCCT	PE
FSB6.19.1. FSB6.19.2.	Coñece as partículas elementais que constitúen a materia.	CMCCT	PE
FSB6.20.1.	Describe a composición do universo ao longo da súa historia en termos das partículas que o constitúen e establecer unha cronoloxía deste a partir do Big Bang.	CMCCT	PE

Temporalización: 26 sesións.

METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados da investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas.

A finalidade propedéutica e orientadora da etapa require dunha metodoloxía que comporte un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

Os criterios metodolóxicos seguidos son:

- Adaptación ás características do alumnado tendo en conta as súas capacidades intelectuais.
- Facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Procurar despertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os propios da Física e a Química e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

En caso de que, debido á situación social e sanitaria derivada da COVID19, houbera un confinamento total ou parcial, e se requirise, de forma temporal, realizar unha formación semipresencial ou totalmente a distancia, actuarase do seguinte xeito (sabendo que o equipo directivo do centro, así como a propia Consellería de Educación puxeron todos os medios precisos para que todo o alumnado teña os recursos tecnolóxicos suficientes para poder realizar traballo dende casa):

- 1.- Prestarase especial atención a que todo o alumnado esté realizando as tarefas marcadas, e se detectará de forma inmediata se existe alumnado con dificultades para conectarse para comunicalo coa máxima antelación á dirección do centro, para solventar estes problemas. En caso de que sexa imposible a comunicación de forma telemática, quedarán as tarefas marcadas semanalmente na Secretaría do Centro para que se lle poidan facer chegar ao alumnado.
- 2.- Impartiranse sesión de clase por videoconferencia
- 3.- Toda a información sobre os contidos traballados e as tarefas a realizar estarán subidas á Aula Virtual do centro.

MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Os materiais que se empregaran no proceso de aprendizaxe serán:
 - a) Material elaborado polo profesor/a.
 - b) Fichas de actividades de reforzo ou de ampliación.
 - c) Diferentes páxinas web de carácter científico e interactivas.
 - d) Unha folla de cálculo.

e) Material de laboratorio preciso para realización das diferentes prácticas propostas en cada unidade.

- Os recursos didácticos que se empregarán no proceso de aprendizaxe serán:
 - a) Laboratorio, onde se realizarán as experiencias e tarefas que figuran na programación.
 - b) Ordenadores da aula de informática.

A AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso de recollida de información para a emisión dun xuízo valorativo e a toma de decisións para intentar mellorar os aprendizaxes dos alumnos, así como os mesmos de enseñanza.

Criterios de calificación

A observación da actitude, participación e interés pola materia non se califican xa que o comportamento na clase, a asistencia regular, a puntualidade e o respecto á comunidade escolar, supoñense en alumnos deste nivel.

